

**INFORME CLIMATOLÓGICO
MES DE ABRIL DE 2021**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES.....	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA.....	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
5	TEMPERATURA.....	11
5.1.	Temperatura media das máximas.....	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2021.....	17
6	PRECIPITACIÓN	18
6.1.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	19
6.2.	Días de chuvia en abril de 2021	20
6.3.	Evolución da precipitación en abril de 2021	22
7	VENTO	23
8	RADIACIÓN SOLAR	27
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	27
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal	28
9	RAIOS.....	29

Anexos:

Resumo mensual

Calendario de abril de temperatura mínima

Calendario de abril de temperatura máxima

Calendario de abril de precipitación acumulada

Calendario de abril de refacho máximo

Data edición: 05/05/2021



Mes moi cálido e normal en precipitación.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de abril estivo caracterizado en xeral polas situación anticiclónicas, interrompidas pola chegada de zonas de aire frío en altura que ocasionaban a presenza de chuvascos de carácter tormentoso. Isto fixo que en media as temperaturas estivesen por riba das agardadas nesta época do ano, pero as chuvias estean moi aproximadas ás agardadas, mesmo con puntos no interior, especialmente afectados polas tormentas, nos que o mes foi húmido.

Así, os dous primeiros días comezamos precisamente cunha destas situacións de aire frío en altura, polo que tivemos xornadas de tempo cambiante, con chuvascos.

O día 3 recuperamos a situación anticiclónica, aínda que con forte vento do nordés nas dúas seguintes xornadas. Esa situación deixou os días 3 e 4 ceos moi abertos, pero un importante contraste de temperatura entre o norte e o sur de Galicia.

O día 5 o vento non foi tan intenso e iso fixo que tivésemos un ascenso de temperatura en toda a Comunidade.

Porén, o 6 unha fronte rozaba o norte de Galicia ocasionando a presenza de nubes, algunhas precipitacións e un significativo descenso de temperatura. Pero foi só un cambio transitorio xa que o día 7 o anticiclón recuperaba o seu dominio.

Nos seguintes 4 días a situación estivo dominada pola presenza de aire frío en altura que aumentou moito a inestabilidade, deixando xornadas de chuvascos, localmente tormentosos.

A xornada do 12 Galicia quedou de novo baixo a influencia anticiclónica, polo que soamente tivemos nubes de tipo medio e alto, pero sen impedir o paso do sol nin deixar precipitacións.

Sen embargo, nos días seguintes continuaron os cambios. O día 13 unha baixa achegouse polo Atlántico, deixando chuvias especialmente persistentes no sur.

Entre o 14 e o 17 vivimos un período de 4 días con moita estabilidade atmosférica e polo tanto ceo moi aberto e ascenso de temperatura.



O día 18 o anticiclón comezou a debilitarse o que permitiu a entrada de nubes de tipo medio e alto no ceo. O 19 continuamos nesta situación intermedia, con ceo cambiante e algunha chuvia illada e ocasional.

Estas precipitacións foron algo máis cuantiosas os días 20 e 21, con chuvias de tipo intermitente que afectaron a moitos puntos do territorio.

O día 22 diminuíu a inestabilidade, pero de xeito moi transitorio xa que no Atlántico, ao redor dos Azores comezaba a formarse a borrasca nomeada *Lola*.

Entre os días 23 e 26 esta borrasca quedou illada da circulación xeral, localizándose entre os Azores e a península Ibérica. Dende esa posición achegaba aire cálido en superficie pero frío en altura, de xeito que as tormentas foron moi xeneralizadas neste período, particularmente os días 24 e 25.

Entre o 27 e o 30 quedamos en situacións atmosféricas intermedias, moi indefinidas, con situación de ceo parcialmente anubrado e precipitacións moi escasas, que soamente se producían de xeito illado e ocasional polas tardes. As temperaturas estiveron neste período algo por debaixo das expectativas nesta época do ano, xa que os ventos do norte achegaron aire frío.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

No mapa de anomalía de presión en superficie (Figura 1), Galicia atópase con valores normais de presión para a época do ano, entre unha anomalía moi forte ao oeste de Irlanda, e unha anomalía negativa de presión situada nos Azores. En altura (Figura 2), o norte da Comunidade está afectado pola anomalía positiva que se desprazou cara Groenlandia. Sen embargo, en ambas Figuras, a variabilidades en canto á presión atmosférica foi practicamente normal para a época do ano.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.

NCEP/NCAR Reanalysis

Sea Level Pressure (mb) Composite Anomaly 1981–2010 clima




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Abril-2021.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.

NCEP/NCAR Reanalysis

500mb Geopotential Height (m) Composite Anomaly 1981–2010 clima




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Abril-2021.



4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

**A CORUÑA**

	ABRIL 2021 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	13.9/14.0	13.0	16.5 (2011)	10.0 (1986)
Tª mínima media	10.6/10.4	9.9	12.5 (2011)	7.0 (1986)
Tª mínima absoluta	6.5/6.2 (día 17)	2.0 (12/04/1951)		
Tª mínima máis alta	14.6/14.8 (día 1)	19.4 (07/04/2011)		
Tª máxima media	17.2/17.6	16.0	20.4 (2011)	12.6 (1986)
Tª máxima absoluta	24.0/23.4 (día 1)	31.6 (08/04/2011)		
Tª máxima máis baixa	12.7/13.1 (día 11)	8.6 (05/04/1968)		
Precipitación acumulada	90	67-83	232 (1998)	0 (1938)
Días de chuvia (≥1mm)	10	13	27 (1998)	0 (1938)

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta as temperaturas máximas e medias. Porén, para a temperatura mínima o mes resultou cálido.

A precipitación rexistrada foi superior ao rango de valores normais resultando un mes húmido. Sen embargo, o número de días de chuvia foi inferior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2021. Temperatura: 1948-2021.

SANTIAGO

	ABRIL 2021	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	12.9	12.2	16.5 (2011)	8.3 (1986)
Tª mínima media	7.9	7.5	10.7 (2011)	4.0 (1986)
Tª mínima absoluta	3.5 (día 17)	-1.3 (13/04/1986)		
Tª mínima máis alta	12.3 (día 1)	15.4 (07/04/2011)		
Tª máxima media	17.9	16.9	22.3 (2011)	12.6 (1986)
Tª máxima absoluta	23.7 (día 5)	31.0 (07/04/2011)		
Tª máxima máis baixa	12.5 (día 11)	5.8 (03/04/1987)		
Precipitación acumulada	73	100-141	405 (1998)	28 (2017)
Días de chuvia (≥1mm)	10	15	28 (1998)	3 (2017)

Comentario: Mes en xeral cálido para todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, resultando un mes moi seco. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, moi inferior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2021. Temperatura: 1982-2021.



LUGO

	ABRIL 2021	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	11.8	10.6	14.8 (2011)	7.1 (1986)
Tª mínima media	5.5	5.2	8.3 (2011)	2.9 (1986)
Tª mínima absoluta	-1.7 (día 12)	-3.7 (13/04/1986)		
Tª mínima máis alta	12.0 (día 1)	15.0 (03/04/1985)		
Tª máxima media	18.1	16.0	21.4 (2011)	11.3 (1986)
Tª máxima absoluta	23.5 (día 1)	31.7 (08/04/2011)		
Tª máxima máis baixa	10.8 (día 11)	5.0 (21/04/1995)		
Precipitación acumulada	71	62-73	322 (1998)	8 (1982)
Días de chuvia (≥1mm)	10	13	25 (1998)	4 (1982)

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta as temperaturas máximas e as medias. Sen embargo, para a temperatura mínima o mes resultou normal.

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais pero non así, o número de días de chuvia, inferior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2021. Temperatura: 1981-2021.

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	ABRIL 2021	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	14.6	13.1	17.3 (2011)	10.0 (1986)
Tª mínima media	9.1	7.8	11.1 (2011)	4.6 (1986)
Tª mínima absoluta	4.3 (día 17)	-1.5 (06/04/1975)		
Tª mínima máis alta	14.2 (día 1)	14.8 (14/04/2019)		
Tª máxima media	20.0	18.4	23.5 (2011)	15.0 (1978)
Tª máxima absoluta	25.3 (día 15)	31.2 (06/04/2011)		
Tª máxima máis baixa	15.1 (día 2)	9.1 (03/04/1987)		
Precipitación acumulada	122	96-134	430 (2000)	16 (2017)
Días de chuvia (≥1mm)	9	14	28 (1998)	2 (2017)

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta as temperaturas mínimas e medias, mentres que para as máximas foi cálido.

A precipitación normal está dentro do rango de valores normais pero o número de días de chuvia foi moi inferior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2021. Temperatura: 1958-2021.



OURENSE

	ABRIL 2021	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	14.7	13.3	17.4 (2011)	9.3 (1986)
Tª mínima media	7.7	6.7	9.5 (2020)	3.2 (1973)
Tª mínima absoluta	1.6 (día 12)	-3.2 (06/04/1975)		
Tª mínima máis alta	13.1 (día 24)	14.8 (13/04/1988)		
Tª máxima media	21.8	19.8	25.6 (2011)	15.0 (1986)
Tª máxima absoluta	27.6 (día 5)	32.9 (07/04/1987)		
Tª máxima máis baixa	16.5 (día 25)	8.0 (03/04/1987)		
Precipitación acumulada	114	47-65	189 (2000)	12 (1982)
Días de chuvia (≥1mm)	12	11	25 (2000)	3 (2017)

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta as temperaturas mínimas e medias mentres que, para a temperatura máxima o mes considérase cálido.

A chuvia rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, resultando un mes moi húmido nesta localidade. O número de días de chuvia foi lixeiramente superior ao agardado.

Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2021. Temperatura: 1972-2021.

5 TEMPERATURA

As temperaturas medias estiveron en xeral por riba dos valores agardados nun mes de abril, xa que tivemos poucos días de frío. Houbo un predominio de xornadas anticiclónicas nas que os valores eran elevados, principalmente durante as tardes e tamén xornadas tormentosas con chuvascos, pero sen frío.

5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de abril de 2021.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de abril para Galicia, a partir dos valores do mapa da Figura 3 foi de 16.9 °C. Os valores máis altos rexistráronse no Miño ourensá, con temperaturas que superaron os 21 °C. As máximas máis baixas déronse na alta montaña ourensá, pero principalmente na zona de Pena Trevinca, onde se acadaron valores que lixeiramente inferiores aos 8 °C.



5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de abril, a partir dos valores do mapa da Figura 4, para o territorio galego foi de 6.3 °C. Os valores máis baixos rexistráronse no macizo de Manzaneda e na comarca da Limia, con temperaturas medias que case acadaron os 0.6 °C. Pola contra, os valores máis altos déronse na comarca de Vigo e na península do Morrazo, con valores moi próximos aos 12.5 °C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de abril de 2021.

5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

O mapa de anomalías de temperatura media mostra un mes de abril cálido en xeral, no que destaca a provincia de Pontevedra, o este e oeste da provincia d Ourense e o sur da provincia de Lugo. Destaca a comarca de Vigo e o Baixo Miño cos valores máis elevados, pero tamén as zonas altas das provincias de Ourense e Lugo foron moi cálidas, con valores próximos aos +2.8 °C, tal e como se pode apreciar na Figura 5. As anomalías máis baixas déronse na Mariña lucense na que se rexistraron valores normais de temperatura. A anomalía de temperatura media no conxunto de Galicia segundo os valores do mapa foi de +1.4 °C.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de abril de 2021 respecto ó período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) déronse principalmente nas comarcas de Verín e o Baixo Miño. As máis baixas (Táboa 2) déronse principalmente na Mariña lucense.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	provincia	anomalía (°C)
Vilardevós	Ourense	2.6
Verín	Ourense	2.3
Castrelo do Val	Ourense	2.3
Riós	Ourense	2.3
Gondomar	Pontevedra	2.2
Vilariño de Conso	Ourense	2.2
Tui	Pontevedra	2.1
Pedrafita do Cebreiro	Lugo	2.1
Vilaboa	Pontevedra	2.1
Baiona	Pontevedra	2.1
Riós	Ourense	0.9

Táboa 1: Anomalías de temperatura media máis elevadas no mes de abril de 2021.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	anomalía (°C)
Mondoñedo	Lugo	0.2
Coristanco	A Coruña	0.3
Lourenzá	Lugo	0.3
Foz	Lugo	0.3
Alfoz	Lugo	0.4
Barreiros	Lugo	0.4
Burela	Lugo	0.4
Cabana de Bergantiños	A Coruña	0.4
Trabada	Lugo	0.5
Valadouro (O)	Lugo	0.5

Táboa 2: Anomalías de temperatura media máis baixas no mes de abril de 2021.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de abril de 2021 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. As xornadas do 4 e do 5 foron as que presentaron as temperaturas máis elevadas por debaixo dos 1000 m e por riba dos 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de abril de 2021				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
04/04/2021	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	29.0
05/04/2021	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	28.6
05/04/2021	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	27.9
05/04/2021	Ourense	OURENSE	Ourense	27.6
15/04/2021	O Viso	REDONDELA	Pontevedra	27.1
05/04/2021	Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	27.0
14/04/2021	Pontevedra-Campolongo	PONTEVEDRA	Pontevedra	26.4
15/04/2021	Corrubedo	RIBEIRA	A Coruña	26.2
01/04/2021	Meder	SALVATERRA DE MIÑO	Pontevedra	26.1
01/04/2021	Cabo Udra	BUEU	Pontevedra	26.0

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas en abril 2021 a unha altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de abril de 2021				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
05/04/2021	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	20.8
04/04/2021	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	20.1
04/04/2021	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	19.8
05/04/2021	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	19.5
04/04/2021	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	19.3
04/04/2021	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	19.1
04/04/2021	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	18.8
04/04/2021	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	18.4
05/04/2021	Ancares	CERVANTES	Lugo	17.4
18/04/2021	O Xistral	MURAS	Lugo	17.3

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas en abril de 2021 a unha altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en Galicia no mes de abril de 2021 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. As xornada do 12 e o 17 foron especialmente frías en ambas altitudes. Sendo a do 12 máis destacable por debaixo dos 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de abril de 2021 por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
12/04/2021	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-4.46
30/04/2021	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-3.8
29/04/2021	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-3.26
12/04/2021	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-3.06
17/04/2021	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-3.01
17/04/2021	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	-2.39
12/04/2021	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-2.11
12/04/2021	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-1.9
12/04/2021	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	-1.89
12/04/2021	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-1.79

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en abril de 2021 a unha altitude maior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de abril de 2021 por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
18/04/2021	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-3.95
17/04/2021	Baltar	BALTAR	Ourense	-3.22
17/04/2021	Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	-2.76
18/04/2021	Lanzós	VILALBA	Lugo	-2.71
12/04/2021	Morelle	SARRIA	Lugo	-2.2
17/04/2021	Mabegondo	ABEGONDO	A Coruña	-2.13
17/04/2021	Cospeito	COSPEITO	Lugo	-2.13
06/04/2021	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	-2.06
17/04/2021	Feiranova-Santaballa	VILALBA	Lugo	-2.06
12/04/2021	Ventosa	NAVIA DE SUARNA	Lugo	-1.72

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en abril de 2021 a altitude menor de 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2021.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2021 para esta serie foi 13.1 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2021 para abril.

A anomalía media da temperatura para este mes de abril en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +1.25 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como moi cálido. Isto debeuse principalmente á contribución da anomalía de temperatura máxima segundo a cal o mes foi moi cálido (+1.61 °C), pero tamén contribuíu a temperatura mínima para a que o mes resultou cálido (+0.89 °C). A anomalía deste ano foi lixeiramente inferior a do ano pasado.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en abril, respecto ó período 1981-2010.

6 PRECIPITACIÓN

As chuvias non estiveron moi afastadas dos valores que se poden agardar nun mes e abril, tanto en cantidade acumulada ao longo do mes como en número de días de chuvia. Aínda así, como tivemos numerosas xornadas de tormenta, as anomalías presentan algunhas irregularidades e temos áreas no interior con cantidades superiores á media.

Segundo os valores do mapa da Figura 8, a precipitación media acumulada foi de 105 L/m². As precipitacións acumuladas máis elevadas acadáronse na Serra do Suído. Os valores máis baixos de precipitación déronse principalmente nalgúns locais da comarca de Valdeorras, con valores próximos aos 40 L/m².




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de abril de 2021.

6.1. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da Figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de abril con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 9 % superior ao período de referencia 1981-2010. Existe un gran contraste entre o centro e sur da Comunidade, resaltando a comarca de Ourense que foi moi húmida e acadou unha porcentaxe de precipitación de máis do 125 % do normal. No resto da Comunidade sen embargo hai zonas que mesmo resultaron moi secos. Destaca a comarca de Quiroga que presentou ata un 64% menos da precipitación normal para esta época do ano.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de abril de 2021.

6.2. Días de chuva en abril de 2021

O número medio de días de chuva (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 10.3. Os valores máis altos acadáronse na comarca da Baixa Limia con valores superiores aos 14 días de chuva. Pola contra, na rexión de A Coruña e as Mariñas e parte da comarca de Ferrol, rexistráronse os valores máis baixos, acadando os 7 días de chuva.




Figura 10: Días de chuva superior a 1 L/m² durante o mes de abril de 2021.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de abril. As precipitacións acumuladas neste mes superaron os 100 L/m² acumulados no mes en moitas localidades, destacando a comarca do Condado. Entre as xornadas do 9 e 0 10, e as xornadas do 23 e o 24 rexistráronse as chuvias acumuladas máis elevadas, con valores maiores que os 40 L/m².

Precipitacións acumuladas máximas en abril de 2021			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
San Nomedio	NEVES (AS)	Pontevedra	186
Monte Aloia	TUI	Pontevedra	181
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	173
Gandarela	CELANOVA	Ourense	170
Serra do Faro	RODEIRO	Pontevedra	167
Atios	PORRIÑO (O)	Pontevedra	163
Alto do Faro	CHANTADA	Lugo	163
A Granxa	PONTEAREAS	Pontevedra	162
Porto de Vigo	VIGO	Pontevedra	158
Meder	SALVATERRA DE MIÑO	Pontevedra	155

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de abril de 2021.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Alto do Faro	CHANTADA	Lugo	57	23/04/2021 7:40
Serra do Faro	RODEIRO	Pontevedra	56	23/04/2021 7:20
Porto de Vigo	VIGO	Pontevedra	54	09/04/2021 23:00
Pazo de Galegos	VEDRA	A Coruña	49	01/04/2021 7:10
Xurés	MUÍÑOS	Ourense	49	23/04/2021 6:10
Monte Aloia	TUI	Pontevedra	48	09/04/2021 19:40
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	48	09/04/2021 18:20
Sergude	BOQUEIXÓN	A Coruña	47	01/04/2021 7:20
Cespón	BOIRO	A Coruña	47	24/04/2021 11:10
O Viso	REDONDELA	Pontevedra	45	09/04/2021 12:30

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de abril de 2021.

6.3. Evolución da precipitación en abril de 2021

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2021, para esta serie, foi 113 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2021 para abril.

A anomalía media das precipitacións para este mes de abril en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi un 3 % superior ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse normal, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O ano pasado tamén foi normal cunha porcentaxe lixeiramente maior.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en abril, respecto ó período 1981-2010.



7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Na táboa 9 obsérvase que tan só catro localidades rexistraron ventos por riba deste limiar, aínda que o superaron en varias xornadas. As porcentaxes de calmas foron moi elevadas en xeral, e pódese observar como a dirección do vento ten predominancia do leste.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en abril				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
06/04/2021	O Xistral	MURAS	Lugo	126.0
01/04/2021	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	122.2
07/04/2021	Lira	CARNOTA	A Coruña	110.1
06/04/2021	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	109.5

Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de abril de 2021.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	110.1	NE	13		
		Día 7				
Pta. Candieira	Cedeira	109.5	NE	10		
		Día 6				





PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Malpica	Malpica	81.3	E	11		
		Día 6				
Marco da Curra	Monfero	61.6	E	6		
		Día 7				







Táboa 10: Resumo do vento no mes de abril de 2021 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Penedo do Galo	Viveiro	90.4	E	5		
		Día 7				
Campus Lugo	Lugo	42.4	N	52		
		Día 1				







PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Ancares	Cervantes	80.3	NE	13		
		Día 1				

Táboa 11: Resumo vento no mes de abril de 2021 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xares	A Veiga	97.6	S	11		
		Día 1				
Rodicio	Maceda	77.2	NE	18		
		Día 1				
Gandarela	Celanova	52.7	SE	44		
		Día 1				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de abril de 2021 na provincia de Ourense.



PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	75.1	S	12		
		Día 11				
Cíes	Vigo	70.0	NE	25		
		Día 1				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de abril de 2021 na provincia de Pontevedra.



8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de abril de 2021.



8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou neste mes de abril 2748 raios. Como se pode apreciar a xornada do 24 foi a que rexistrou máis raios en abril (Figura 15).




Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en abril de 2021.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias. Como se pode ver na Figura 16 o número de raios estivo moi repartido entre as catro provincias, destacando as provincias de Lugo e Pontevedra.

nº de raios detectados en abril de 2021 por provincias




Figura 16: Número de raios detectados por provincia en Galicia en abril de 2021.



Na Figura 17 pódese ver o número total de raios rexistrados en abril en Galicia dende o ano 2010 ao 2021. Pódese observar que este mes de abril foi o segundo con máis raios da serie, se ben destaca o ano 2011 con moitísimos máis raios.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en abril dende 2010 a 2021.

MeteoGalicia

Subdirección de Meteoroloxía e Cambio Climático

Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostenibilidade e Cambio Climático

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2021 Mes: 4

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Lugo																												
A Pontenova	10.5	16.13	23.4	1	6.6	1.0	17	100	28.7	25	-	80	96	56	40	159	1517	12	57	16	-	-	-	-	13	0		
Abradelo	10.1	16.16	21.4	5	5.6	0.8	12	72	21.8	10	-	72	93	47	46	182	1660	-	-	-	-	-	-	-	15	0		
*Alto do Faro	9.0	14.48	19.4	5	4.7	-0.8	12	162	31.7	24	-	84	99	57	-	-	-	5	37	11	918	-	-	-	13	1		
*Alto do Poio	7.1	11.76	17.0	4	3.7	-2.1	12	65	17.9	10	-	73	92	52	-	-	-	9	59	25	-	-	-	-	16	2		
Ancares	7.4	11.66	17.4	5	4.0	-0.9	11	64	22.3	10	-23	72	91	52	45	179	1689	14	80	1	862	-	-	-	15	3		
*Borreiros	11.6	16.38	23.7	1	7.5	2.0	18	92	27.6	25	17	81	95	62	37	146	1401	5	49	7	1008	-	-	-	16	0		
Bóveda	11.6	19.12	24.0	5	5.5	-0.6	12	81	27.7	10	-19	71	91	42	51	203	1754	5	45	1	964	-	-	-	12	2		
Burela	9.9	12.98	21.8	1	7.6	4.7	18	81	19.0	25	7	81	94	65	40	161	1498	15	63	7	967	-	-	-	15	0		
Campus Lugo	11.1	18.13	23.5	1	5.5	-1.7	12	70	19.7	9	-19	80	99	50	45	178	1688	5	42	1	968	-	-	-	12	3		
Castro R. de Lea	10.4	16.59	21.9	24	5.5	-1.4	18	81	17.0	25	-	81	97	56	50	200	1765	-	-	-	966	-	-	-	11	2		
Conchada	11.4	18.05	22.9	5	6.3	1.6	16	65	18.8	25	-	78	97	52	48	191	1751	-	-	-	-	-	-	-	11	0		
Corno do Boi	8.8	14.29	19.7	1	4.7	-0.4	12	96	24.2	24	12	80	97	54	48	192	1713	10	50	11	-	-	-	-	13	1		
Cospeito	10.0	16.3	21.8	18	5.0	-2.1	17	110	21.8	26	29	85	99	56	46	184	1684	8	53	6	-	-	-	-	11	4		
Courel	10.5	16.71	22.1	5	5.4	0.3	6	60	18.5	24	-40	70	94	44	46	181	1686	8	80	1	925	-	-	-	14	0		
Feiranova-Santaballa	9.6	15.57	21.0	1	4.3	-2.1	17	94	30.0	25	12	84	99	58	49	193	1744	7	48	16	-	-	-	-	10	2		
Fontaneira	8.5	14.09	19.1	5	4.3	-0.9	12	73	14.1	24	-8	77	94	54	45	179	1576	15	68	1	902	-	-	-	13	2		
Foz	11.2	14.97	21.5	1	7.6	1.5	17	93	22.8	25	9	80	92	63	46	182	1651	12	65	7	1008	-	-	-	14	0		
Fragavella	8.4	12.52	21.6	1	4.8	-0.6	18	118	36.8	25	54	86	99	64	35	139	1397	11	54	1	946	-	-	-	18	2		
Guitiriz-Mirador	9.2	14.49	20.5	1	5.5	0.9	17	107	28.6	24	29	82	97	57	48	189	1624	9	57	6	936	-	-	-	11	0		
*Labrada	8.6	12.67	19.5	1	5.4	0.9	17	86	29.3	25	16	82	97	61	39	154	1478	9	45	6	-	-	-	-	15	0		
*Lanzós	9.5	15.23	21.0	18	4.1	-2.7	18	89	20.8	25	-	81	95	57	-	-	-	6	52	16	960	-	-	-	9	2		
*Lourenzá	11.3	17.16	22.7	9	6.3	-1.2	17	92	28.6	25	-	83	97	58	-	-	-	4	41	15	-	-	-	-	16	2		
Marroxo	10.9	16.84	21.4	5	6.5	1.7	12	64	14.8	25	-21	78	96	50	45	178	1564	7	50	1	941	-	-	-	10	0		
*Míllara	12.1	19.25	23.8	5	6.9	0.1	12	96	19.2	25	-	78	98	48	-	-	-	5	46	1	-	-	-	-	12	0		
Monforte	12.4	20.13	25.3	5	6.0	-0.8	12	64	13.9	10	-27	82	100	47	43	172	1627	3	45	11	-	-	-	-	12	2		
*Morelle	10.9	18.63	23.4	1	4.1	-2.2	12	58	18.6	10	--	83	100	52	41	162	1540	4	34	1	966	-	-	-	13	6		
O Cebreiro	7.1	13.32	19.5	5	3.0	-3.1	12	54	14.0	10	-29	76	96	54	46	156	1680	12	64	12	868	-	-	-	15	4		
O Xipro	9.3	15.68	20.4	8	4.3	-0.9	17	67	14.5	26	-19	77	98	50	46	181	1663	10	65	1	924	-	-	-	14	2		
O Xistral	6.5	10.87	17.3	18	3.5	-0.9	12	100	22.8	25	50	93	100	77	46	184	1645	34	125	7	-	-	-	-	18	4		
*Olveda	9.9	16.29	20.9	5	4.7	-1.5	12	132	23.4	10	49	80	98	54	41	164	1592	4	33	11	-	-	-	-	12	3		
Pedro Murias	11.9	15.54	23.5	1	8.4	2.0	17	82	38.3	25	-7	80	93	63	45	181	1562	10	62	7	1011	-	-	-	13	0		
Penedo do Galo	8.9	12.14	21.6	1	6.5	3.5	12	75	22.8	25	9	84	98	66	40	159	1473	20	90	7	-	-	-	-	17	0		
Pol	9.4	14.99	20.4	1	5.2	0.3	17	71	16.5	25	-	78	96	53	47	187	1674	-	-	-	940	-	-	-	13	0		
Portomarín	10.8	17.98	22.2	5	4.8	-1.4	12	81	20.7	10	-	83	100	54	46	184	1664	-	-	-	963	-	-	-	14	4		
Riotorto	10.9	16.78	23.6	1	6.2	-1.5	17	106	28.5	25	28	87	100	60	39	157	1562	6	50	16	-	-	-	-	16	2		
Sambreixo	9.9	16.4	22.2	1	4.2	-2.8	17	95	26.4	24	-	80	98	54	50	197	1717	-	-	-	-	-	-	-	12	2		
*San Clodio	13.2	20.5	24.3	5	6.7	0.9	17	58	15.0	25	-	75	99	45	-	-	-	3	37	1	984	-	-	-	10	0		
*San Fiz	11.8	18.17	22.4	5	6.8	0.5	12	108	25.5	10	-9	78	96	51	44	175	1663	4	40	1	969	-	-	-	12	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2021 Mes: 4

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada			
Santa Cruz	11.2	16.46	23.3	1	6.1	-1.3	18	83	29.1	25	9	84	99	59	35	141	1429	5	50	7	-	18	2			
Serra Vacaloura	9.6	16.35	21.2	18	4.8	-0.3	12	82	17.7	10	3	87	100	60	49	195	1743	16	61	6	-	14	1			
Ventosa	9.1	14.81	20.0	1	4.2	-1.7	12	61	22.4	10	-25	75	94	52	45	177	1629	9	60	1	910	10	3			
*Vilamor	11.3	16.51	23.9	1	6.8	-0.4	18	89	24.1	25	3	85	98	62	38	153	1470	6	44	6	-	16	-			
*Xabrega	12.4	19.82	24.5	5	6.8	0.8	17	90	19.8	25	-5	78	96	48	41	164	1591	-	-	10	977	12	0			

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2021 Mes: 4

Provincia Estación	T ^o C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días			
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max		Día	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max		Día	Med. hPa	Choiva	Xeada
Ourense																											
A Mezquita	9.3	14.75	19.8	4	4.2	-2.4	17	114	18.0	21	16	68	90	47	47	185	1733	9	51	25	899	15	3				
*A Portela	13.3	20.52	26.0	5	7.3	3.1	17	50	12.6	24	-56	70	96	41	49	195	1716	5	54	1	-	10	0				
*A Trabe	11.3	16.31	20.8	6	6.6	1.8	17	95	16.3	25	-2	69	86	50	46	182	1671	4	36	1	925	13	0				
Alto do Rodicio	9.1	13.94	18.8	5	5.2	-0.3	6	112	22.2	25	--	79	97	56	48	191	1777	10	77	1	903	14	1				
Amiudal	11.5	17.86	24.2	5	6.9	1.9	12	126	27.9	10	30	78	97	49	47	186	1696	7	46	8	951	14	0				
As Petarelas	12.0	18.96	24.1	5	6.1	1.6	29	42	7.8	25	-	71	95	44	50	197	1802	-	-	-	-	12	0				
Baltar	10.0	15.68	20.8	5	3.2	-3.2	17	106	23.7	25	20	79	99	52	46	182	1666	9	67	12	922	16	6				
Cabeza de Manzaneda	4.8	8.13	13.9	4	2.1	-3.8	30	106	15.0	2	--	77	92	56	46	181	1601	17	82	1	822	13	5				
*Calvos	9.2	15.56	20.9	5	2.0	-4.0	18	132	30.2	25	46	80	100	53	46	182	1674	-	40	8	-	16	9				
Casaio	8.5	12.6	18.8	4	4.7	-1.8	12	54	7.1	10	-	69	89	48	-	-	-	6	64	1	-	14	1				
*Corzos	8.2	14.23	19.3	4	2.8	-3.3	29	78	20.0	2	-	70	88	48	-	-	-	8	50	1	-	14	5				
Entrimo	11.7	18.05	23.9	5	7.1	1.7	30	131	21.2	26	-	77	93	54	41	161	1578	-	-	-	-	14	0				
*EVEGA Leiro	13.7	22.57	28.6	5	6.9	0.3	12	96	17.4	25	-	76	96	43	-	-	-	1	31	8	1003	14	0				
Gandarela	11.3	17.38	22.7	5	6.8	1.9	12	170	25.3	25	--	80	99	54	-	-	-	6	52	1	942	15	0				
Lardeira	6.1	10.29	15.7	4	2.8	-1.9	12	69	9.5	2	-14	74	89	55	46	182	1671	14	122	1	836	15	4				
*Larouco	12.2	18.84	23.9	5	6.6	1.6	12	54	14.5	25	-	72	97	44	-	-	-	3	38	23	954	9	0				
Laza	11.9	19.03	24.9	5	5.8	1.4	18	84	16.2	25	-19	72	98	43	51	204	1791	5	54	1	-	13	0				
Monte Medo	11.4	17.59	22.1	5	5.8	0.5	4	93	22.8	25	-	74	97	46	47	186	1674	-	-	-	-	12	0				
O Invernadeiro	8.5	14.47	20.1	4	2.6	-3.0	17	132	26.4	25	49	77	96	53	44	174	1581	7	57	23	898	13	6				
Ourense	13.7	21.76	27.6	5	7.7	1.6	12	113	16.0	2	-	71	93	41	-	-	-	-	-	-	-	12	0				
Ourense-Estacións	14.5	22.04	27.9	5	8.8	2.7	12	105	20.9	2	0	69	92	40	49	194	1697	3	37	1	1000	13	0				
*Pazo de Fontefiz	12.4	18.25	23.5	5	7.6	3.7	12	126	26.2	25	3	74	91	50	47	187	1662	5	46	11	967	13	0				
*Ponte Boga	12.2	18.84	23.8	5	6.8	-0.1	12	53	11.9	25	-47	77	99	45	42	166	1632	5	54	1	960	10	1				
*Prado	13.6	21.44	27.0	5	7.6	1.2	12	117	21.0	25	-	77	98	47	-	-	-	2	31	8	999	13	0				
Remuíño	13.6	22.66	29.0	4	7.2	0.6	12	88	16.2	10	-7	77	97	43	43	170	1583	4	40	28	-	15	0				
*Riós	11.0	16.27	21.4	5	6.0	-0.2	17	102	18.7	25	1	70	91	48	49	195	1758	5	35	1	-	13	1				
San Xoán de Río	8.9	14.36	19.1	4	4.6	-0.6	12	66	16.4	25	-24	76	94	54	47	188	1717	12	65	1	898	13	1				
Serra do Eixe	8.1	13.24	18.4	4	3.6	-1.9	12	81	13.8	10	-8	78	95	55	49	194	1752	11	78	1	877	13	2				
Verín-Vilamaior	12.6	19.04	24.6	5	6.8	1.6	17	80	16.6	25	--	69	90	45	50	197	1775	6	57	1	952	14	0				
Verín-Vilela	12.1	20.02	25.9	4	4.4	-1.0	18	73	15.2	25	-25	75	99	45	52	205	1753	4	37	1	-	13	4				
Viana do Bolo	10.3	16.65	22.2	4	4.5	-0.7	12	88	13.8	25	-4	73	93	50	44	174	1637	7	64	1	917	12	2				
Xares	5.1	9.33	15.5	4	1.7	-4.5	12	58	16.0	25	-19	74	90	53	43	170	1589	17	97	1	821	13	6				
Xinzo	10.9	17.16	21.9	5	4.6	0.4	12	84	12.8	25	-7	80	100	53	47	186	1747	9	47	1	942	15	0				
Xurés	9.8	14.64	20.8	5	6.0	1.2	30	153	39.3	23	--	74	90	53	47	187	1713	--	--	-	895	15	0				

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2021 Mes: 4

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Pontevedra																												
*A Armenteira	12.2	17.82	22.6	15	7.0	1.7	12	122	29.8	10	26	80	96	56	51	202	1767	3	41	1	-	-	-	-	10	0		
A Granxa	14.2	21.25	25.6	15	8.0	2.2	17	161	38.8	10	57	78	98	48	54	214	1801	3	43	24	1009	-	-	-	13	0		
A Lanzada	14.2	19.37	24.1	15	9.9	5.7	30	87	23.6	10	-26	77	92	56	60	238	1917	13	59	11	-	-	-	9	0			
*Areas	14.8	20.64	24.9	5	10.2	6.0	30	151	35.4	25	25	83	98	56	55	217	1827	3	34	7	-	-	-	15	0			
*As Eiras	14.4	20.01	24.7	3	9.6	4.7	30	106	26.0	10	0	78	97	53	57	226	1848	4	47	1	1009	-	-	-	12	0		
Atios	14.0	20.83	24.8	15	8.0	2.9	12	163	36.5	10	62	85	100	53	54	213	1806	3	40	24	-	-	-	16	0			
Baiona	14.8	18.48	21.7	15	11.0	6.7	30	127	25.2	10	17	77	95	54	59	234	1936	8	61	1	-	-	-	11	0			
*Barrantes	13.8	19.46	24.4	1	8.8	3.6	17	101	28.1	10	-33	77	93	54	53	209	1708	4	42	1	-	-	-	11	0			
Cabo Udra	14.6	18.74	26.0	1	11.4	8.4	12	109	41.3	10	-4	78	93	58	57	226	1953	12	66	1	-	-	-	10	0			
Caldas de Reis	12.8	19.13	24.7	5	8.2	4.4	17	123	25.1	10	24	77	93	52	47	185	1705	7	47	11	983	-	-	-	12	0		
*Camanzo	12.9	19.02	25.0	5	7.8	2.0	30	132	21.7	20	45	77	93	54	46	181	1653	-	42	24	990	-	-	-	13	0		
Cangas-Porto	14.9	18.65	25.5	1	11.6	8.3	12	106	40.2	10	-	71	86	50	-	-	-	8	52	1	-	-	-	12	0			
Castro Vicaludo	12.3	15.91	21.0	1	9.2	5.2	29	99	20.0	23	4	84	96	64	54	215	1866	12	68	1	958	-	-	-	12	0		
Castrove	12.6	16.58	21.1	1	9.3	5.4	11	134	38.2	10	32	76	90	53	50	200	1803	13	61	11	954	-	-	-	10	0		
*Cequelifios	13.8	20.05	24.7	4	8.9	4.2	30	101	20.2	10	-6	74	92	48	51	202	1763	7	49	1	-	-	-	14	0			
Corón	14.1	18.01	24.9	1	10.8	6.6	17	104	23.0	24	-3	74	87	54	56	222	1779	17	67	3	1012	-	-	-	12	0		
*Entenza	14.5	20.99	25.1	15	9.3	4.3	30	139	24.2	10	39	75	94	50	48	190	1688	1	28	1	-	-	-	15	0			
Forcarei	10.4	15.59	21.0	5	6.0	0.7	12	146	30.2	10	59	83	99	57	49	195	1745	12	54	11	-	-	-	14	0			
Fornelos de Montes	11.9	15.98	20.6	4	8.9	4.1	30	147	29.5	10	43	73	89	52	50	198	1759	14	75	11	933	-	-	-	13	0		
Gargamala	14.1	20.41	24.8	5	9.2	5.0	30	126	30.0	10	19	77	96	48	53	209	1807	4	43	24	-	-	-	14	0			
Illas Cíes	14.5	18.25	23.5	1	11.5	8.8	30	116	42.1	10	7	78	91	60	58	231	1914	10	69	1	-	-	-	11	0			
Lalín	11.0	16.88	22.2	5	6.1	0.9	12	141	33.9	10	-	79	98	51	-	-	-	8	46	23	-	-	-	12	0			
*Louredo	13.1	19.02	23.4	15	9.0	4.3	12	138	28.4	13	-	85	99	60	-	-	-	2	25	28	985	-	-	-	12	0		
Lourizán	14.0	20.04	25.3	15	9.1	4.3	17	122	37.3	10	25	81	98	56	46	183	1696	3	33	1	1008	-	-	-	11	0		
*Meder	14.4	21.12	26.1	1	9.1	4.3	12	155	25.0	25	-	78	99	48	-	-	-	2	45	30	997	-	-	-	16	-		
Monte Aloia	12.1	18.23	24.9	5	8.1	3.8	12	180	36.8	10	93	82	97	60	37	148	1546	6	42	1	958	-	-	-	16	0		
Mouriscade	10.7	17.34	22.6	5	4.2	-2.1	6	114	22.7	25	21	79	98	51	48	191	1744	5	46	24	955	-	-	-	12	8		
O Viso	13.9	21.41	27.1	15	8.9	5.1	17	149	40.0	10	-	72	90	47	46	183	1636	6	41	1	983	-	-	-	13	0		
Ons	13.5	17.42	23.3	1	10.3	6.7	17	114	36.7	10	10	82	95	63	59	236	2033	17	65	23	1000	-	-	-	10	0		
*Pé Redondo	14.1	19.72	25.6	1	9.6	5.4	17	131	29.0	2	34	78	93	55	-	-	1508	2	49	1	-	-	-	11	0			
*Ponte Caldelas	13.0	18.07	22.8	1	8.7	4.2	30	139	35.7	10	33	73	88	53	53	211	1772	6	50	11	972	-	-	-	13	0		
Pontevedra-Campolongo	15.2	22.09	26.4	14	9.9	5.7	12	127	33.0	10	-	71	91	45	-	-	-	3	36	28	-	-	-	11	0			
Rebordelo	12.1	18.76	22.8	15	6.1	-0.3	17	173	43.3	10	-	79	97	52	51	204	1710	-	-	-	973	-	-	-	13	2		
San Nomedio	12.4	16.81	21.2	1	9.4	4.6	30	186	35.2	10	87	78	92	57	48	191	1692	11	67	9	-	-	-	16	0			
Sanxenxo	14.7	19.59	24.6	1	10.5	6.2	17	124	37.6	10	13	75	92	53	54	214	1880	4	37	23	1009	-	-	-	9	0		
Serra do Faro	9.1	13.86	19.2	4	5.5	0.5	11	166	28.2	24	75	76	93	53	49	192	1694	16	62	11	901	-	-	-	13	0		
*Simes	13.9	19.69	24.4	15	8.8	3.5	17	83	22.9	10	-	77	94	52	54	213	1746	-	-	-	-	-	-	9	0			
*Soutomaior	14.0	19.8	24.5	15	9.6	5.7	30	135	27.6	10	-	79	96	52	-	-	-	2	32	1	994	-	-	-	12	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2021 Mes: 4

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada			
*Torrequeintáns	14.3	19.93	24.5	1	9.4	4.9	30	130	25.3	10	27	80	96	59	52	206	1827	4	40	23	1006	10	0			
*Tremoedo	13.9	19.08	23.1	14	9.3	5.3	17	98	24.9	10	-	73	90	51	-	-	-	4	45	11	1006	10	0			
Vigo	14.9	19.51	23.7	3	11.1	7.5	30	147	45.0	10	-	71	86	50	-	-	-	-	-	-	-	11	0			
Vigo-Campus	12.8	16.78	22.7	1	10.0	6.0	30	140	29.2	10	32	75	90	54	55	219	1872	7	51	1	961	14	0			
Xesteiras	10.1	14.23	20.1	5	6.7	1.8	11	102	21.6	10	-	82	95	59	-	-	-	--	--	-	-	15	0			

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.